



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE ABRIL DE 2020

2.- Dar conta da aprobación, por Incolsa do Plan de Acción para a recuperación do turismo na cidade ante a situación provocada pola "COVID-19". Dáse conta.

3.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor da "COVID19". Acórdase requirir á mercantil de Abastos de Santiago Sdade.Coop.Galega, a adopción, de xeito inmediato, das medidas preventivas fronte aos riscos derivados da COVID19 que se concretan en:

- Os traballadores e traballadoras non irán traballar con máis de 37 graos de febre ou síntomas respiratorios, ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- Realizar un lavado de mas frecuente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
- Evitar o contacto estreito e manter unha distancia de máis dun metro coas persoas, especialmente aquelas con síntomas catarrais.
- Sempre que sexa posible, débese establecer un sistema de traballo en turnos, con rotación de empregados para minimizar riscos sen que varíe a atención e servizo á clientela.
- Limpeza e desinfección dos postos de traballo en cada cambio de turno
- Lavado e desinfección diaria dos uniformes. As prendas téxtiles deben lavarse de xeito mecánico en ciclos de lavado a 60/90 graos centígrados.
- Os traballadores e traballadoras das distintas tendas empregarán os equipos de protección individual que corresponda (máscaras e luvas)
- Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión. Evitalo igualmente cando se usen luvas e máscaras
- Os traballadores e traballadoras das distintas tendas da Praza de Abastos cubrirán as vías respiratorias cun pano desbotable ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.
- Limparase e desinfectaranse todas as superficies, equipos de traballo, utensilios, mostradores, TPV das caixas rexistradoras, agarres de carros e cestos, etc.
- Realizarase limpeza e desinfección frecuente das instalacións, con especial atención a superficies (portas, mobles, lavabos, solos, teléfonos, etc.) Para esta acción debe empregarse lixivia de uso doméstico diluída en auga extremándose as medidas de protección a axentes químicos.
- Deberán efectuar un control adecuado do aforo: organizar a entrada da clientela por quendas, evitar aglomeracións fóra e dentro das naves para gardar sempre a distancia de seguridade de 2 metros. Recoméndase que a estancia nas naves sexa a mínima necesaria.
- Instalaranse carteis visibles con estes datos nas entradas das propias naves.
- Será obrigatorio manter a distancia de seguridade entre clientela, produtos e persoal nas zonas de pago, exposición e conservación das mercadorías.
- Tendo en conta as limitacións e recomendacións das autoridades sanitarias limitase o aforo das naves 2, 3, 6 e 7 (cun aforo máximo de 32 persoas), e das naves 1, 4, 5 e 8 (cun aforo máximo de 43 persoas). No caso das naves 3 e 4 pecharase a entrada ás mesmas desde o corredor principal e farase a entrada e saída controlada por persoal, desde o corredor máis próximo á igrexa de San Fiz.
- Instalaranse carteis visibles con estes datos nas entradas das propias naves.
- Fomentaranse os medios de compra non presenciais e os servizos de entrega a domicilio

- Promoverase o pago dos medios electrónicos (tarxeta, móbil).
- Medidas organizativas: evitarase coincidir nos espazos reducidos como vestiarios e aseos e controlárase o acceso de provedores, ademais de fixar horarios para a entrega de mercadorías.

-No tocante á ocupación da vía pública, acordouse autorizar, con carácter excepcional, as ocupacións provisórias con camións de mudanzas solicitadas con anterioridade á declaración de Estado de Alarma e as que durante o mesmo se tiveran presentado, sempre que non se poña en perigo a saúde dos residentes do inmovible no que se levarán a cabo. Informárase á veciñanza das actividades proxectadas e adoptáranse as medidas de protección establecidas na regulación de riscos laborais e especialmente as aprobadas polo goberno por mor da crise sanitaria motivada pola COVID19. Esta autorización está sometida ao cumprimento dunha serie de condicións, entre as que destacan:

- Mentres o camión este realizando calquera tipo de movemento ningún usuario da vía pública ou vehículo poderá estar dentro da súa área de risco e activáranse de forma automática os seus sinais acústicos e luminosos.
- Fóra do horario de traballo, deberá estacionarse o camión de tal forma que non impida o paso de vehículos ou persoas nas condicións habituais.
- Garantírase o paso de peóns, os accesos a garaxes, portais, locais comerciais e servizos de interese xeral en condicións de seguridade
- Disporase de sinalista dotados co vestiario e elementos de sinalización homologados
- Acoutarase e delimitarase a zona de traballo e os seus accesos, sinalizando debidamente a superficie de ocupación autorizada
- Deberán cumprirse todas as normas relativas á seguridade e hixiene no traballo e o establecido na actual normativa.
- As empresas asumirán a responsabilidade da seguridade dos seus traballadores e con relación á vía pública e ás persoas que por ela transiten, e responderán dos posibles danos que se ocasionen en bens e servizos municipais de terceiros.

Dende o Servizo de Mobilidade e Seguridade a través do correo do departamento de Tráfico recibirán unha comunicación na que se xuntará a autorización de referencia. Antes da ocupación deberán responder ao correo precisando as cuestións requiridas, como necesidade do corte de rúa ou carril, acceso ao ámbito do casco histórico e percorrido a realizar, concreción de día e hora, etc. Deberá remitirse a comunicación como mínimo, con 24 horas de antelación.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á revogación dos acordos de recoñecementos extraxudiciais de créditos adoptados na sesión de datas 9 e 23 de marzo. Procédese a revogar ditos acordos, correspondentes a varias facturas a favor de Gas natural Comercializadora, SA., por corresponder ao recoñecemento de obrigas obxecto de facturas negativas.

5.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. Acórdase autorizar, dispor e recoñecer as obrigas derivadas de gastos a favor de La Voz de Galicia, Editorial Compostela e Uniprex SAU.

6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns para dar conta dunha subvención recibida da Xunta de Galicia para o establecemento dun servizo temporal e extraordinario do servizo de axuda no fogar, durante o mantemento da situación actual de emerxencia sanitaria e de estado de alarma motivada pola "COVID19". Acórdase a dación de contas do contido no certificado de data 21/04/2020 emitido polo subdirector xeral de Dependencia e Valoración de Discapacidade no que se especifica que con data 03/04/2020 a Xunta puxo en marcha un Servizo Temporal e Extraordinario de Axuda no Fogar para a atención temporal e urxente de todas as persoas que o precisen durante o mantemento da actual emerxencia sanitaria e do Estado de Alarma. Que a asignación de horas para este servizo temporal que lle corresponde ao concello de Santiago de Compostela é de 6.836 horas ao mes, que terán vixencia dende o pasado 14/03/2020, para poder financiar as atencións urxentes postas en marcha dende o momento do recoñecemento da situación de emerxencia sanitaria.